



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de Administración electrónica 2021

CONVOCATORIA: Curso superior de Administración electrónica 2021

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	114
-----------------------	----------------	--------------	----------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
------------------------	-------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
-------------------------	----------------------------	-------------------	----------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 03/07/2021 - 08:00h ao 31/07/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso superior pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán a Administración electrónica desde unha múltiple perspectiva para que as persoas ás cales se dirixe adquiren coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito ou para que os perfeccionen co fin de completaren a súa formación no dereito da informática.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

O curso desenvolverase desde o 14 de setembro ata o 26 de outubro de 2021.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Duración: 114 horas lectivas, 30 horas de clases prácticas presenciais e 84 de teleformación.

As clases prácticas presenciais desenvolveranse os días 14, 21 e 28 de setembro; 5 e 19 de outubro de 2021.

Horario das clases presenciais: pola mañá, das 11:00 ás 14:00 horas; pola tarde, das 16:00 ás 19:00 horas.

Este curso superior abordará os seguintes temas:

- Réxime xurídico dunha Administración dixital.
 - Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais.
 - Sede electrónica e Carpeta cidadá.
 - Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.
 - Notificación electrónica.
 - Seguridade. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.
 - Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica.
- Iniciativas no marco europeo.
- Interoperabilidade de datos e documentos.

- Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.
- Licitación e factura electrónicas.
- Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de inscrición e darase preferencia ao persoal empregado público de acordo co indicado na base cuarta da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTA

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/09/2021 a 26/10/2021

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 14 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 14 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 21 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 21 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 28 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 28 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 05 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 05 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 19 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 19 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA